

Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA EN RELACIÓN Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTA PRESIDENCIA NA CONCELEIRA PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO

Asunto: Delegación de atribucións da Presidencia da Mancomunidad de Vigo na concelleira e membro do Pleno da MAIV, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Xullo 2023

RESOLUCIÓN

O artigo 11 dos vixentes estatutos da Mancomunidad de Vigo establece que “o Presidente será o Alcalde do Concello de Vigo e ostentará a representación da Mancomunidad”.

Non obstante, considérase aconsellable, para dotar dunha maior axilidade a xestión diaria e o funcionamento desta entidade, delegar de forma xenérica as atribucións desta presidencia nun membro da Asemblea da Mancomunidad.

Por tanto, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración da Mancomunidad, ostenta esta Presidencia –art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, esta PRESIDENCIA

RESOLVE

Primeiro.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo veño a delegar na membro da Asemblea da Mancomunidad, D^a. Patricia Rodríguez Calviño (DNI: 53178236-M), todas aquelas atribucións que correspondan á Presidencia de acordo co artigo 21 da LRBRL, que sexan susceptibles de delegación, conforme ao apartado 4 do indicado precepto, e en canto ao alcance, condicións, efectos e requisitos da delegación, estarase ao establecido nos apartados segundo a sétimo desta Resolución, ademais das atribucións que en materia de persoal e en materia económica a continuación se citan:

a) En materia de persoal:

1.—A planificación, desenvolvemento e execución da política de persoal determinando as condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación e coa Xerente da Mancomunidad.

2.—Desempeñar a Xefatura directa e inmediata do persoal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: T7RKXK-HKGUCGD3N3



Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

3.—Propoñer, previo informe da Xerente da Mancomunidade, á Presidencia a aprobación dos plans de formación do persoal.

4.—A implantación ou revisión de sistemas de organización e métodos de traballo.

5.—Propoñer, previo informe da Xerente da Mancomunidade, á Presidencia o establecemento de xornada laboral e horarios de traballo no marco das disposicións legais aplicables.

6.—Informar á Presidencia semestralmente das estatísticas sobre o índice de absentismo e as súas causas.

7.—Vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo velando polo cumprimento das normas vixentes nesa materia.

8.—Adoptar, a proposta do/da Xerente da Mancomunidade, cantas medidas e decisións se estimen necesarias para procurar o mantemento e incremento da produtividade e rendemento do persoal.

9.—Remitir con carácter semestral, ós distintos órganos de representación do persoal, a información necesaria sobre política de persoal.

10.—Manter relacións con órganos de representación do persoal e desenvolver a política da Mancomunidade nesta materia.

11.—Ordenar e outorgar o visto e prace nas certificacións que se expidan polo Secretario Xeral referentes ao persoal.

12.—Dar cumprimento ao contido dos mandamentos e exhortos provenientes das autoridades xudiciais relacionados co persoal.

13.—A declaración de situacións administrativas e xubilación de todo o persoal.

14.—A distribución, das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas.

15.—Autorizar a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal municipal.

16.—Acordar, a redistribución de efectivos en postos base.

17.—A proposta e informe sobre autorización ou recoñecemento de incompatibilidades.

18.—Conceder, previo informe do/da Xerente, os permisos e licenzas de todo o persoal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución da xornada e permisos con dereito a retribucións.

19.—Recoñecemento do grao persoal e trienios.

b) En materia de Economía e Facenda:

1.—Planificar, sinalar e desenvolver as directrices da Economía e Facenda da Mancomunidade.

2.—Formar o proxecto de Orzamento Xeral Municipal.



Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

3.—Ordenar a incoación de expedientes de modificación de crédito orzamentarios e elevar a proposta de resolución ao órgano competente.

4.—Propoñer a aprobación de operacións de crédito e tesourería, así como a emisión e amortización de empréstitos e demais operacións de xestión do endebedamento, incluíndo as destinadas á cobertura de riscos derivados da evolución dos tipos de interese e tipos de cambio.

5.—Formalizar as operación de crédito, a curto e longo prazo, en calquera das súas modalidades, agás naquelas nas que esta Presidencia actúe por si.

6.—Planificar a execución orzamentaria e a actuación económica e financeira da Corporación, mediante a utilización, entre outros, dos instrumentos contemplados na Lei de Facendas Locais.

7.—Proceder ao recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos, dando conta á Xunta de Goberno Local cando a contía supere os 60.000 euros.

8.—Render a Conta Xeral formada pola Intervención Xeral.

9.—Ordenar os pagamentos, indistintamente coa Presidencia, a través da sinatura dos seguintes documentos:

a) Mandamentos de pagamento referidos ao Orzamento e a operacións non orzamentarias e as relacións correspondentes os devanditos mandamentos.

b) Transferencias, cheques e demais documentos mediante os que se produzan disposicións dos fondos situados nas contas correntes de titularidade da Mancomunidade abertas nas entidades financeiras, para a execución material das ordes de pagamento, nos termos previstos na normativa de aplicación.

10.—Adoptar as resolucións que se derivan dos documentos e expedientes xustificativos dos pagamentos e expedientes xustificativos dos pagamentos correspondentes a operacións non orzamentarias e autorizar o libramento de fondos “a xustificar” con cargo ao Orzamento.

11.—Propoñer os proxectos relativos á imposición, supresión e ordenación dos tributos e dos prezos públicos.

12.—Propoñer os proxectos de Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras dos Tributos e Prezos Públicos, a súa modificación ou supresión.

13.—Dirixir, unha vez aprobadas, a aplicación das ordenanzas reguladoras dos distintos ingresos da Mancomunidade.

14.—Propoñer os convenios ou concertos a desenvolver para o pagamento dos dereitos a favor da facenda da Mancomunidade.

15.—Recoñecer e liquidar os dereitos tributarios e os recursos procedentes dos prezos públicos; declarara a prescrición e impoñer sancións por infraccións tributarias ou incumprimento das ordenanzas dos prezos públicos, resolver as reclamacións e os recursos sobre aplicación



Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

e efectividade de toda clase de ingresos, e aprobar os expedientes de devolución de ingresos, todo iso sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos.

16.—Recoñecer e declarar os beneficios fiscais, sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos.

17.—Dispor, de acordo coa normativa aplicable e no ámbito das súas competencias, a suspensión da executividade dos actos impugnados ou suxeitos a revisión en vía administrativa; a liquidación, no seu caso, dos xuros de mora, e a devolución das garantías e depósitos constituídos a tal fin, así como resolver sobre o reembolso do custo das garantías, de acordo co disposto na Lei Xeral Tributaria.

18.—Dirixir a xestión dos tributos, así como a xestión tributaria que a través da mesma se desenvolva.

19.—Propoñer ao órgano competente a interposición de reclamacións ou recursos ou o acatamento dos fallos das cuestións litixiosas en materia de tributos ou ingresos públicos estatais e autonómicos, xestionando e controlando a súa efectividade.

20.—Tramitar e aprobar os gastos derivados do cumprimento das resolucións ou fallos dos Tribunais con cargo ás partidas que lle correspondan, sen prexuízo da competencia atribuída nesta materia a outros órganos.

21.—Aprobar os modelos de avais e garantías a constituír polos interesados, conforme ao establecido nas ordenanzas e regulamentos, a declarar a conformidade, no seu caso, das constituídas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda tributaria ou de outro ingreso de Dereito Público.

22.—Dirixir a xestión e mantemento da base de datos tributarios na súa dobre vertente de datos persoais e territoriais, e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polos diversos servizos e ao acceso destes a súa consulta.

23.—Dirixir a elaboración de cantos estudos se estimen necesarios, no ámbito económico, referidos á Mancomunidade.

24.—Autorización de subscrición de acordos ou convenios nos procesos concursais, agás naqueles supostos en que sexa competencia do Pleno.

25.—A superior dirección dos Servizos de Recadación e Tesourería, sen prexuízo das funcións que legalmente correspondan ao seu titular e a proposta do mesmo.

26.—Aprobar a declaración de falidos dos obrigados ao pagamento, así como a declaración dos créditos como incobrables, á proposta da Tesourería.

27.—Resolución das peticións de pagamentos de xuros de mora.



Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

28.—Decretar a incautación de cantidades, con motivo de providencias xudiciais ou administrativas de embargo.

29.—Declarar a prescrición de débedas de dereito público.

30.—Formulación e resolución de tercerías, previo informe dos servizos xurídicos, e a proposta do Tesoureiro.

31.—Conceder e denegar fraccionamentos e aprazamentos de pago a proposta do Tesoureiro.

32.—Resolver, a proposta da Tesourería, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor da Mancomunidade.

33.—A apertura de contas restrinxidas de recadación, contas operativas e contas restrinxidas de pagos a proposta do Tesoureiro.

34.—Ditar acordos de derivación de responsabilidade.

35.—Resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, a proposta do servizo liquidador competente, cando o ingreso indebido se producira por unha declaración, liquidación ou autoliquidación ou por outra causa que afecte á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar a correspondente débeda; ou a proposta do Tesoureiro cando dito ingreso proceda dunha duplicidade ou exceso no pagamento, do pagamento de débedas prescritas ou de erros de feito ou dereito padecidos na xestión recadatoria que non afecten á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar.

36.- Aprobar a adxudicación de bens á Mancomunidade, previa consulta ós Servizos Técnicos sobre a utilidade dos mesmos.

37.—A adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias.

38.—Concertar operacións de tesourería cando o importe das vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior..

39.—Calquera outra función necesaria para continuar ou finalizar o procedemento de recadación, non atribuídas a outros órganos.

Segundo.- As facultades que se poderán exercer en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Presidencia, conforme ao establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Terceiro.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Cuarto.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo ós recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que poidan interpoñerse contra os acordos adoptados que serán resoltos pola delegada.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T7RKXK-HKGUCGD3N3



Xoves, 3 de agosto de 2023

Núm. 149

Quinto.- Esta Presidencia deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude da delegación conferida, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Sexto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sétimo.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.

En Vigo, na data da sinatura electrónica,

lgs

O PRESIDENTE DA MAIV

Abel Caballero Alvarez

Dou fé,

O SECRETARIO DA MAIV

José Riesgo Boluda

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T7RKXKHKGUCGD3N3

